

Acta unidade asistencia técnica no procedemento aberto simplifícadísimo do subministro “ADAPTACIÓN EMBARCACIÓN ANDURIÑO”, financiado pola Consellería do Mar, ao abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP, (DOG nº 183, de data 26/09/2023).

Exp. 1026/2024

Na Casa do Concello de Cabanas, sendo as 09:55 do día 3 de setembro de 2024, reúnese a Unidade de Asistencia técnica nomeada por Resolución da Alcaldía 746/2024, de data 19 de agosto de 2024, na licitación da do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.

Orde do Día

1. Acto de apertura de criterios cuantificables automaticamente (art.159) do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.
2. Acto de valoración de ofertas con criterios cuantificables automaticamente (art.159) do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.
3. Proposta de adjudicación, se procede, do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.

Constituída a Unidade de Asistencia Técnica procédese ao tratamento de cada un dos puntos incluídos na Orde do Día:

1. Acto de apertura de criterios cuantificables automaticamente (art.159) do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.

No prazo outorgado para a presentación de ofertas na licitación do expediente de referencia concorreron as seguintes empresas:

Empresa licitadora	CIF	Data presentación
Construcciones Fego Atlántico SL	B70331129	02/09/2024; 18:29 h
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia SLU	B27518570	02/09/2024; 16:42 h

De seguido, procédese á apertura do sobre achegado pola empresa licitadora:

Licitadores:

- CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO SL - CIF: B70331129

* Fecha de recepción de la documentación: 02-09-2024 16:42



- * Fecha de descifrado de la documentación: 03-09-2024 09:58
- * Descifrado por Secretario: SUSANA FERNANDEZ MUIÑO
- * Fecha de apertura de la documentación: 03-09-2024 09:59

- PROYECTOS SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA SLU - CIF: B27518570

- * Fecha de recepción de la documentación: 02-09-2024 18:29
- * Fecha de descifrado de la documentación: 03-09-2024 09:58
- * Descifrado por Secretario: SUSANA FERNANDEZ MUIÑO
- * Fecha de apertura de la documentación: 03-09-2024 09:59

Finalizada a apertura de sobres procédese pola Unidade de Asistencia Técnica á análise da documentación achegada pola empresa licitadora, co seguinte resultado:

Empresa licitadora	CIF	Admitido/a
Construcciones Fego Atlántico SL	B70331129	Si
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia SLU	B27518570	Non

A licitadora Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia SLU presenta proposición para outra licitación en curso (“Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde proxecto Promoción do Litoral de Cabanas: Turismo Mariñeiro e Navegación Sostible”, expediente 2037/2024), polo que resulta excluída da licitación.

2. Acto de valoración de ofertas con criterios cuantificables automaticamente (art.159) do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.

Procedese a continuación a comprobar as ofertas presentadas polas empresas licitadoras, sendo as que a continuación se reproducen:

Empresa licitadora	CIF	Prezo sen iva
		Ive
		Prezo total
Construcciones Fego Atlántico SL	B70331129	42.401,92
		8.904,40
		51.306,32

- A licitadora non oferta prazo de garantía adicional ao mínimo esixible.
- A licitadora non ofrece redución de prazo máximo de entrega do subministro.



De seguido, procédese á valoración da oferta, de acordo cos criterios establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

Empresa licitadora	Oferta económica	Aumento prazo garantía	Redución prazo entrega	Puntuación
Construcciones Fego Atlántico SL	60,00	0,00	0,00	60,00

3. Proposta de adjudicación, se procede, do expediente de contratación 1026/2024, do subministro “Adaptación embarcación Anduriño”.

De seguindo procédese pola Unidade de Asistencia Técnica á clasificación da empresa licitadora, obténdose o seguinte resultado:

Empresa licitadora	Oferta económica	Aumento prazo garantía	Redución prazo entrega	Puntuación
Construcciones Fego Atlántico SL	60,00	0,00	0,00	60,00

Á vista do anterior a Unidade de Asistencia Técnica, en cumprimento do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato, acorda:

Primeiro. Proposta de adjudicación en favor da empresa **“CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO SL”** do contrato administrativo de subministro **“Adaptación embarcación Anduriño”**.

Segunda. Dar traslado da presente acta e documentación anexa ao órgano de contratación.

Non existindo máis asuntos a tratar levántase a sesión, sendo as dez horas e trinta e catro minutos, e para constancia redactase a presente acta.

